



Inserir nun artigo unha imaxe da galería ou doutra web

Neste caso a imaxe xa está en internet. No exemplo vou tomar unha foto que está na galería de imaxes do instituto pero o procedemento sería o mesmo cunha imaxe que estea en internet (Wikipedia, ...)


1) Creo unha Historia na que vou subir a imaxe da galería que resalto:




2) Pico na imaxe para ampliála. Sitúo o cursor sobre ela, premo o botón dereito e escollo a opción “Copiar a localización da imaxe”, tamén podería saír “copiar a url da imaxe”.



3) No artigo sitúo o cursor no punto no que quero inserir a imaxe e pico na icona da árbore:



4) Nesta ventá pego a dirección copiada en URL da imaxe:



Podería cambiar a aliñación, espaciado, tamaño, ... pero deixo os valores por defecto e clico en “Insertar”.

5) Se todo foi ben a imaxe aparecerá no artigo:

